

CAMPAMENTO XUVENIL "PENEDOS DE XACINTO" - ENTRIMO (OURENSE)

INFORMACIÓN XERAL:

DATOS XERAIS:	<ul style="list-style-type: none">• Campamento de montaña con abundante arboreda, zona verde e xardín, con aloxamento en tendas de campaña; con capacidade de 100 prazas en cada quenda.• Conta con comedor cuberto, enfermería, pistas polideportivas, piscina e rocódromo.
SITUACIÓN / ACCESOS:	<ul style="list-style-type: none">• Atópase a 70 Km. de Ourense, na estrada Entrimo –A Illa , a 2 Km. de Entrimo.• Existe transporte por ferrocarril ata Ourense e autobús ata o Campamento.
ENDEREZO:	<ul style="list-style-type: none">• Campamento xuvenil “Penedos de Xacinto”.- 32680-Entrimo - Ourense• Télf. 988 43 47 79

QUENDAS, IDADES E ACTIVIDADES

QUENDA	DATA NACEMENTO	DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES
1 – 12/07	2004-2005-2006	OBXECTIVOS: desenvolve-la autonomía persoal dos/as participantes, esperta-la súa creatividade, fomenta-lo traballo en equipo, a solidariedade e a cooperación; coñece-la natureza potenciando o respecto e o coidado ao medio ambiente...
17-28 /07	2000-2001-2002-2003	1º e 2º QUENDA: TEATRO E AVENTURA NA NATUREZA <ul style="list-style-type: none">• ACTIVIDADES: Dramatización, expresión corporal e desinhibición, obradoiros de formación e de observación, ensaios e propostas teatrais. Técnicas de circo, malabares e equilibrio. Piscina.• Outras actividades: actividades de iniciación á escalada, fotografía subacuática, rutas de sendeirismo, veladas...

NORMAS XERAIS

1. Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias deste campamento.
2. Cóntase con atención sanitaria. Os participantes deberán levar ao Campamento, as **tarxetas sanitarias orixinais**, especialmente as de MUFACE e o talonario de receitas. Calquera incidencia de consideración será comunicada ao teléfono familiar do acampado/a.
3. Para poder falar cos participantes, o horario será o establecido polo equipo directivo, do que se dará información na reunión de recepción. Os participantes poderán facelo antes e despois de cada comida. Disporase dun teléfono de tarxeta e moedas.
4. **Ningún participante** poderá abandona-lo recinto do Campamento sen autorización expresa do Director da Actividade, e sempre acompañado dos seus pais, ou persoa adulta autorizada (**Fotocopia do DNI dos pais e autorización escrita e fotocopia do DNI da persoa autorizada de ser o caso**), debendo cubri-lo impreso axeitado que lles será facilitado polos monitores. Prégase non facer visitas de non ser necesario, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
5. Os medicamentos que estean a tomar os participantes, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese a ter en conta nestes días, débese comunicar ao persoal técnico da actividade.
6. Recoméndase que os rapaces/as, leven a súa roupa marcada coas súas iniciais.
7. Os directores da actividade teñen prevista a organización dun “banco” de cartos e outro de móbiles.